



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 1 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 26 DE XANEIRO DE 2023

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

Da. María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

Da. María Sambade Lloréns (Non adscrita)

Da. María Lago Lestón (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

SECRETARÍA XERAL

Da. Mónica Freire Dosil

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Primeiro. Aprobación das actas anteriores a núm. 11 do pleno extraordinario e urxente do 10 de novembro de 2022 e a núm. 12 do pleno ordinario do 24 de novembro de 2022

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto das actas anteriores núm. 11 do pleno extraordinario e urxente do 10 de novembro de 2022 e da núm. 12 do pleno ordinario do 24 de novembro de 2022 que se presentan para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbanse as actas anteriores núm. 11 do pleno extraordinario e urxente do 10 de novembro de 2022 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), da concelleira non adscrita, Da. Sambade Lloréns (1) e da concelleira do BNG, Da. Martínez Romaní (1), e a abstención da concelleira non adscrita, Da. Alfonso Torres (1), do concelleiro non adscrito, D. Quintela Fernández (1) e da concelleira do BNG, Da. Lago Lestón (1); e a núm. 12 do pleno ordinario do 24 de novembro de 2022 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2) e coa abstención da concelleira non adscrita, Da. Alfonso Torres (1).

B. Mocións de urxencia

Segundo. Moción presentada polo grupo municipal do PSOE de apoio á mobilización atención primaria

A Sra. González sinala que teñen unha moción por urxencia que foi presentada en tempo e forma e explica que a urxencia vén motivada porque consideran que é urxente todo o que teña que ver coa sanidade e queren apoiar á plataforma SOS Sanidade Pública coa mobilización que teñen convocada para o 12 de febreiro.

A alcaldesa dá paso ás intervencións sobre a urxencia.

A Sra. Lago di que si lles parece urxente e non se van opoñer á urxencia.

A Sra. Alfonso di que lle parece urxente.

A Sra. Sambade di que está de acordo.

A señora alcaldesa di que non se presentou no prazo legal de 2 días hábiles para poder convocar as comisións informativas e que non teñen problema en votar a urxencia pero como se dedican a culpar ás demais vanse abster.

A Sra. González di que ten data do 19 de xaneiro ás 10.00 da mañá e que había 48 horas para convocar a comisión informativa, e di que o grupo de goberno presenta mocións máis tarde, e si van na comisión.

A señora alcaldesa contesta que son 2 días hábiles dende a convocatoria, non 48 horas, e os prazos son os que son.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2) e coa abstención do grupo municipal popular (4), queda aproba a urxencia da moción.

A Sra. Maneiro expón a seguinte moción:

"MOCIÓN MUNICIPAL APOIO Á MOBILIZACIÓN ATENCIÓN PRIMARIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención aos doentes, que se traduce en días e incluso semanas de espera para ser atendidos polo médico de cabeceira ou pediatra.

Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crueza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no orzamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado e con profesionais precarizados, que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O fabuloso traballo dos profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos dirixentes dun sistema que continúan a manter unhas das peores condicións laborais de toda España, provocando que os profesionais e médicos en formación eviten a atención primaria dadas as súas condicións.

Dende o ano 2009 Galicia renunciou a formar a 180 profesionais médicos para atención primaria. Hoxe o nivel formativo habilitado polo goberno do Estado para novos profesionais sanitarios en 2023 é o maior da historia, co maior número de prazas MIR (Médico/a Interno Residente), EIR (Enfermeira Interna Residente) ou outras especialidades para poder convocar, chegando a 725 só para a nosa Comunidade Autónoma. Non entanto o goberno de Galicia ten anunciado a súa convocatoria e quédase en 620, deixando máis de 100 prazas sen convocar entre as que hai 29 prazas enfermería familiar e comunitaria (que son as especialistas en atención primaria) que neste mesmo 2023 van quedar sen ofertarse por decisión exclusiva do actual goberno de Galicia. Mais ocorre tamén noutras como oncoloxía, pneumoloxía, cardioloxía, anestesia ou todas as categorías en saúde mental onde non se convocan todas as prazas posibles.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema, que se notan especialmente en atención primaria e nas urxencias hospitalarias:

- 1. Nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estean totalmente cubertos na medida que necesitan.*
- 2. Nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polo funcionamento ineficiente dos centros de saúde e PACS.*
- 3. Tamén existen problemas nos hospitais comarcais que perderon capacidade de autoxestión e hoxe ven como perden profesionais ou na dotación de ambulancias para cubrir todo o territorio, alimentando a existencia dun sistema sanitario de diferentes velocidades en función de onde vivan os cidadáns.*

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así os sanitarios do propio sistema público discrepan da xestión do goberno autonómico no sistema sanitario, o que se ven traducindo en problemas constantes e dimisións constantes como a recente dimisión do presidente do Consello Galego de Colexios Médicos por considerar que a Consellería non tiña interese en resolver a situación nin atender a ningún diálogo.

As continuas mobilizacións e protestas cidadás durante os últimos anos evidencian a crecente contestación social existente co Goberno galego.

MOCIÓN

Ante toda esta situación, e en particular tamén polo que afecta a este concello, formulamos as seguintes propostas de acordo:

O Pleno Municipal do Concello de Muros acorda:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- 1. Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.*
- 2. Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellora de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.*
- 3. Instar ao goberno de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da atención primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellore as condicións laborais para poder contribuír a ter máis profesionais que permitan atender á poboación coa maior calidade asistencial posible.”*

A Sra. González di que hai un problema moi serio co que se está a facer coa sanidade pública xa que non se cobren as baixas e nas urxencias de Muros só hai un médico para cubrir toda a zona de Muros e Carnota. Isto non só sucede no centro de Muros, senón nos hospitais comarcais e se miran para as comunidades autónomas nas que goberno o PP é onde máis problemas hai coa sanidade e sinala que eles cren nos profesionais sanitarios e seguirán traendo mocións con respecto a este tema aínda que lle poñan atrancos e cren que hai que apoiar esta iniciativa.

A Sra. Lago di que están totalmente de acordo coa moción xa que neste momento a sanidade está pasando por unha das etapas máis negras, e con respecto ao noso concello, esta é a área que peor está a funcionar e igual ten que ver a xerente que o leva que ten un apelido común co ex vicepresidente Feijóo e que provocou a dimisión de varios xerentes, limitación de recursos, listas de agarda eternas para renovar un tratamento crónico e listas de agarda para cirurxía de seis meses, etc. E cren que a plataforma de defensa da sanidade pública ten toda a razón do mundo e a sanidade pública é o ben máis prezado que temos nesta sociedade polo que elas van apoiar esta moción.

A Sra. Alfonso sinala que o persoal da sanidade pública está esgotado polo carga de traballo que teñen e polo número de pacientes que teñen que atender, hai dimisións continuas de distintos cargos e hai folgas convocadas e por moitas reviravoltas que lle queira dar o Partido Popular é evidente que a sanidade en Galicia non está ben e todas as persoas o sufrimos, e remata indicando que van a van apoiar.

A Sra. Sambade e o Sr. Quintela non teñen nada que engadir.

A señora alcaldesa di que como xa sinalaron no mes de novembro a iniciativa popular parte de premisas erróneas porque non houbo recortes na sanidade pública nin aumento da sanidade privada, o problema do déficit de médicos de familia prodúcese en Galicia e no resto do estado, e prodúcese no Sergas igual que se produce no Ministerio de Seguridade Social e no Instituto da Mariña, posto que a Casa do Mar está sen médico pola mesma razón. Sinala que orzamento do Sergas incrementouse e di que en canto ás prazas de formación recordar que o manifesto asinado por Galicia, Euskadi, Andalucía, Madrid, Castela e León e Murcia solicita do estado modificar o sistema de elección das prazas MIR, crear a especialidade de medicina de urxencias e acometer o sistema de acreditación de unidades docentes, un acordo da unidade interterritorial do 2018 que aínda está pendente de executar, incrementar as prazas formativas de familia e crear un rexistro estatal de profesionais. A resposta do Ministerio a estas demandas foi cero e non aceptaron ningunha das propostas recollidas no manifesto. E a resposta do BNG e do PSOE no debate do estado da nación a unha proposta do PP foi votar en contra e sinala que o que pretenden coa moción é botar balóns fóra nas responsabilidades que ten o goberno de España e solicitan tamén a mellora das condicións laborais pero di que non sabe moi ben a que se refiren, ás condicións salariais, ás condicións de estabilidade... En setembro do ano pasado publicouse no DOG a estabilización de máis de oito mil prazas e neste último proceso vense estabilizar outras dúas mil cincocentas prazas, e si que é necesario mellorar a carga de traballo e para iso é necesario repartir esta carga e non poden contratar porque non os hai, e di que o 90% de residentes de medicina de familia que remataron a súa formación nestes últimos dez anos en Galicia traballa para o Sergas, e a Xunta de Galicia fixo o que non fixo ningunha comunidade autónoma, ofertar unha nova categoría á que se pode acceder de xeito extraordinario, mediante este sistema ofertáronse 106 prazas



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

de difícil cobertura que permite que os PAC contén con máis gardas e por suposto votaron en contra desta proposta tanto o PSOE coma o BNG. Todas as medidas que se toman dende a Xunta de Galicia para formar a médicos de familia e potenciar as categorías doutros profesionais para desconxestionar son rexeitadas, di que lle sorprende a intervención da portavoz do BNG con respecto á activación dos medicamentos para os crónicos cando se facilitou para que se renovaran polos farmacéuticos hospitalarios e sempre se manifestaron en contra. Di que a sanidade está mal e que hai mellorala e que todas as medidas que se toman para mellorala, eles rexéitanas, e cre que facer demagogia con estes asuntos non é bo para ninguén.

A Sra. González di que acaba de contar unha *parrafada* que non van negar, pero si que se está facendo menos do que se debería e sinala que concretamente no centro médico de Muros nin os facultativos nin as persoas están contentas, e sinala que en vez de defender á veciñanza de Muros van a defender as siglas e que eles como Partido Socialista van a defender primeiro á veciñanza de Muros e di que non lle cren ninguén que o PSOE e o BNG estea a votar en contra de solucións e se votaron en contra seguro que foi por algún negocio e que eles veñen a defender a sanidade pública.

A Sra. Lago di que o farmacéutico é o especialista no medicamento e o médico é o especialista na clínica da enfermidade e a renovación da prescrición debe facela o médico atendendo aos signos da enfermidade e se queren que funcione dunha maneira óptima teñen que traballar en conxunto. E en canto ás condicións laborais con respecto ás contratacións xa que acumulan moitos contratos e moi precarios sen ningún tipo de estabilidade e moitos renuncia a súa terra por facer un proxecto de vida.

A Sra. Alfonso sinala que a señora alcaldesa di que a moción do PSOE é para botar balóns fóra e na súa intervención é o que fai porque fartouse de dicir todo o bo que fai o PP e todo o malo que fan os resto e di que está claro que o persoal que se queixa non se queixa sen razón e que as dimisións continuas non son sen razón... e así que poden vestir os números como queiran, pero a situación é a que é, e todos estes colectivos se queixan por algo.

A señora alcaldesa di que seguen co demagogia e que non se favorecen as solucións e que hai que buscar saídas e seguir traballando.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3), e cos votos en contra do grupo municipal popular (4), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.

SEGUNDO. Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellora de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.

TERCEIRO. Instar ao goberno de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da atención primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellorar as condicións laborais para poder contribuír a ter máis profesionais que permitan atender á poboación coa maior calidade asistencial posible.

Terceiro. Moción presentada polo grupo municipal do PSOE de creación observatorio galego de igualdade no sector pesqueiro

A Sra. González explica que a urxencia vén motivada porque consideran que é urxente instar á Xunta de Galicia a creación do observatorio galego de igualdade no sector pesqueiro para que se conte coas mulleres.

A alcaldesa dá paso ás intervencións sobre a urxencia.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Lago di que si consideran que é un tema importante e que van apoiar a urxencia.

A Sra. Alfonso di que tamén a vai apoiar.

A señora alcaldesa di o mesmo ca na anterior que houbo tempo para presentala en prazo pero non se van a opoñer á urxencia.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4) e dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2), e coa abstención do grupo municipal popular (4), queda aproba a urxencia da moción.

A Sra. Maneiro expón a moción:

"MOCIÓN CREACIÓN OBSERVATORIO GALEGO DE IGUALDADE NO SECTOR PESQUEIRO

O Grupo de Municipal Socialista do Concello de Muros de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar a Pleno a seguinte Proposta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O traballo das mulleres galegas no sector pesqueiro, no que participan en toda a cadea produtiva, ten unha importancia fundamental en termos sociais e económicos. As mulleres seguen a ter, neste sector, escasa visibilidade, ou máis ben, sofren invisibilidade. Existe tamén unha forte fenda con respecto aos homes, e onde máis se nota é nas condicións laborais, nos salarios e na conciliación do traballo coa vida persoal e familiar.

A pesar de ser maioría en moitos dos traballos do mundo do mar: redeiras, mariscadoras, operarias de conserveiras, entre outras; apenas acceden aos órganos de dirección, representación e organización do sector da pesca. Por poñer só un exemplo en 2022 dos 63 patróns maiores dos pósitos galegos só 5 son mulleres, algo que empeorou

empeorou nas últimas eleccións celebradas ás Confrarías das que só resultaron 3 patroas maiores. Sendo, polo tanto, inaprazable adoptar medidas e políticas que promovan e faciliten este acceso, e aquí as administracións, con competencia na materia, teñen moito que dicir e moito por facer para promover ese cambio social a favor dunha sociedade igualitaria e inclusiva neste sector fundamental na nosa Comunidade Autónoma.

Facer visible e apoiar ás contribucións das mulleres no sector da pesca, defender os dereitos das que traballan en actividades vinculadas co mar e facilitarlles a participación no deseño das políticas que favorezan ao colectivo das mulleres do mar serán a base para acadar o seu empoderamento no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia.

A pesca, marisqueo, a acuicultura, e en xeral, todo o traballo que xira en torno ao mar precisa dun enfoque técnico en materia de igualdade, que con perspectiva de xénero, estude, analice, estableza diagnósticos e realice propostas de medidas correctoras. Isto, no caso de Galicia, polo peso e as características específicas da pesca, do marisqueo e da acuicultura faise imprescindible.

MOCIÓN

En Galicia contamos cunha única asociación de ámbito galego de mulleres no sector pesqueiro, constituída en decembro de 2016 como "Asociación de Mulleres do Mar de Arousa", pero que en 2021 ampliou o seu ámbito xeográfico a toda Galicia e pasaron a denominarse "Asociación Mulleres Salgadas de Galicia", co obxectivo de recoñecer e poñer en valor o traballo feminino galego neste sector que aglutina a máis de 2.000



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

mulleres do mundo do mar: redeiras, mariscadoras, percebeiras, bateiras, oceanógrafas, biólogas, peixeiras, empresarias do turismo vinculadas ao mar, patroas de embarcacións, directivas

Dentro das medidas que propoñen dende esta Asociación de Mulleres e de cara a contribuír a posicionar o mundo do mar de Galicia dentro da Axenda 2030, especialmente na consecución do obxectivo 5 de Igualdade de Xénero están a promover a creación dun observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego formado por persoal técnico que estudie, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

MOCIÓN

Por todo o exposto, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Muros a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Muros

Insta á Xunta de Galicia a crear, coa necesaria contribución orzamentaria, o Observatorio de Igualdade do Sector Pesqueiro Galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.”

A Sra. González di que é triste que haxa que crear un organismo para garantir a presenza das mulleres en certos sectores xa que a realidade é outra e sinala que pasou en Muros cando se convocaron as eleccións a patrón maior, presentaron a unha muller como candidata, e esa muller nin sequera chegou a selo e o patrón maior segue sendo un home e cren que é moi importante que chegue a funcionar.

A Sra. Lago di que a creación do Observatorio para a Igualdade é unha medida beneficiosa e necesaria e queda bastante ben exposto na proposta e engadiría coma un dos grandes problemas a invisibilización das mulleres do mar polo que si a van apoiar.

A Sra. Alfonso di que se este observatorio serve para que o mundo deixe de ser de mulleres e homes e sexa de persoas, benvindo sexa, e que si a vai apoiar.

A Sra. Sambade di que é necesario neste ámbito e noutros moitos e que si a vai apoiar.

A señora alcaldesa sinala que tamén a van apoiar xa que responde a unha iniciativa do Parlamento de Galicia para dar máis visibilidade ás mulleres tanto no mundo gandeiro coma do mar e van apoialo coas medidas que sexa necesarias.

A Sra. González di que queren que se faga xa.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

ÚNICO. Insta á Xunta de Galicia a crear, coa necesaria contribución orzamentaria, o Observatorio de Igualdade do Sector Pesqueiro Galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Segundo. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1215/2022 do 2 de novembro de 2022 ata o núm. 1472/2022 do 30 de decembro de 2022, das XGL núm. 25 do 4 de novembro de 2022, da núm. 26 do 18 de novembro de 2022, da núm. 27 do 2 de decembro de 2022, da núm. 28 do 16 de decembro de 2022 e da núm. 29 do 22 de decembro 2022 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Terceiro. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González di que teñen unha queixa dun veciño, que en Cova de Gatos hai un pao da luz tirado, ao que a señora alcaldesa contesta que foron varias veces e retirouse, pero non sabe se falan do mesmo.

A Sra. González pregunta se se vai pechar o instituto das Insuas, ao que a señora alcaldesa responde que non sabe nada.

A Sra. González pregunta se vai haber concurso de comparsas e se os compoñentes das comparsas pediron subida nos premios, e a señora alcaldesa responde que si vai haber comparsas e que a ela non lle pediron nada.

A Sra. González pregunta se se solucionaron o tema das plaquetas das beirarrúas.

A Sra. González pregunta polo contrato de augas con Espina e Delfín, e a señora alcaldesa contesta que non fixeron nada e agora coa secretaria nova a ver se dá tempo.

A Sra. González pregunta pola obra de Valdixería na que a auga subía polos sumidoiros, e a señora alcaldesa di que está solucionado.

A Sra. González pregunta cando empeza a obra da estrada de Badernado, a señora alcaldesa responde que está no proceso de contratación.

A Sra. González pregunta cando vai ser a reunión coa veciñanza do conxunto histórico, e a señora alcaldesa contesta que ha de poñer unha data.

A Sra. González pregúntalle se a vai poñer nesta lexislatura.

A Sra. González di que houbo asaltos a tres establecementos de Muros, polo que rogan o Concello de Muros que faga os trámites necesarios para dispoñer de garda civil en Muros xa que non hai policía local.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago di que do mes de novembro quedaron dúas preguntas sen responder, di que pensou que as contestaría neste pleno, e di que as volve facer para que lle conteste no próximo, e a señora alcaldesa di que revisou a acta e que non cre que lle quedara pendente ningunha contestación, e a Sra. Lago di que non foron respostas pechadas. Unha é cantos litixios laborais quedan pendentes e outra que custo económico supoñen estas demandas, e a señora alcaldesa responde que facer unha previsión do custo que non sabe porque as demandas son longas e os intereses non os poden determinar, pero tratarán de facelo. A Sra. Lago indica que si lle pode contestar cantos litixios hai e a canto ascende o custo dos actuais.

A Sra. Lago pregunta que pasa co paso de peóns da Abelleira, xa que as beirarrúas están feitas e este aínda non está, e a señora alcaldesa di que contestaron dende o organismo competente que non son partidarios de por pasos en estradas deste nivel e dende o concello fixeron unha reclamación e sinalaron a normativa das paradas de transporte escolar que obrigan a sinalalas e chamaron varias veces, pero de momento non teñen resposta. E a Sra. Lago roga que sigan insistindo neste tema.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Lago pregunta se hai algunha novidade respecto ao terreo de Tal, ao que a señora alcaldesa responde que non.

A Sra. Lago pregunta se hai algún problema por retirar a árbore de Nadal de Esteiro, e a señora alcaldesa contesta que non é de ningunha empresa que é do Concello, pero coas circunstancias inda non se puido retirar.

A Sra. Lago di que a antiga fábrica de Leocalia, coñecida como a fábrica de Daniel, constitúe unha parte importante do patrimonio histórico e industrial da vila, e a rampla está moi degradada, polo que pregunta se dende o concello se está a facer algo para evitar a súa desaparición e se se estudou a posibilidade de incluíla como ben de interese patrimonial, e a señora alcaldesa responde que si se interesaron por ela, porque entenden que é un rampla singular, e faláron con Costas e díxéronlle que era privada e que a tiña que arranxar o seu dono. A Sra. Lago di que a poden reclamar como ben de interese patrimonial para ter de onde tirar e rogan que fagan dende o concello o necesario para que se arranxe.

A Sra. Lago di que no 2020 o pleno acordou dar cumprimento á lei de memoria democrática con respecto ao nomenclátor das rúas do concello, así como colocar placas nos que foron campos de concentración de Anido e Vieta, e non se convocou ningunha actuación polo que pregunta cal foi o motivo, e a señora alcaldesa responde que por motivos evidentes nestes anos apenas de convocaron reunións debido á pandemia e que tamén falando coa veciñanza do Camiño do Pardal díxéronlle que non son partidarios de cambiar o nome da rúa.

A Sra. Lago di que en xaneiro do 2020 o pleno acordou unha moción que buscaba loitar contra a lacra da ludopatía e a regulación das casas de apostas, un dos puntos do acordo era que dende o concello se levasen a cabo talleres para concienciar sobre este problema, polo que pregunta se se levaron a cabo actuacións para concienciar neste ano, ou van poñer a COVID como escusa, e a señora alcaldesa di que si se fixo algo coa xuventude.

A Sra. Lago pregunta polos contedores soterrados se se van a poñer en funcionamento, e a señora alcaldesa contesta que como non se utilizaron nunca que teñen moitas pezas que teñen que cambiar e hai que contratar unha empresa que faga o mantemento.

A Sra. Lago di que varias persoas que fixeron comentarios nas redes sociais contra o grupo de goberno, está a padecer consecuencias coma a paralización de permisos de obras e trabas á hora de acceder a servizos públicos, e a señora alcaldesa di que non sabe de que lle está falando e que iso non é verdade.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

Sinala que tiña preguntas anotadas, pero que non vai preguntar porque seguen sempre igual.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo Sr. Quintela:

O Sr. Quintela roga que revisen a documentación enviada coa convocatoria xa que detecta que faltan ao redor de cen decretos, do 1315 ao 1414.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, e de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria

Documento asinado electronicamente.